



Recomendación dirixida ao Concello de Ourense para o aumento do servizo de axuda no fogar

Expediente: G.6.Q/13563/23

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente ao servizo de axuda no fogar para dúas persoas con dependencia.

ANTECEDENTES

1. A queixa indica

“O motivo da miña queixa é a necesidade urxente de axuda no domicilio tal e como se recoñece na resolución de acreditación de dependencia, dado que os meus pais son dúas persoas dependentes de 91 e 92 anos. XXX con DNI XXX e XXX, DNI XXX Teñen recoñecida unha dependencia de grao II e unha discapacidade do 95 por cento cada un.

O 8 de xuño solicitouse á traballadora social do concello de Ourense, a revisión de dependencia referente a XXX por agravamento. Necesita axuda para practicamente todos os actos cotiáns.

Os únicos ingresos que teñen corresponden a unha pensión mínima con cónxuxe a cargo por un importe de 940,31 € e 31,52 €, que proveñen dunha pequena pensión de Alemaña.

Residen nun piso de alugueiro cuxo importe mensual é de 184,48 €, ademais o arrendador cóbralles tamén o IBI da vivenda. Non perciben ningunha outra prestación da Administración, nin ningún outro ingreso. Viven sós e tanto a miña irmá como eu, nos turnamos, dedicando 24 horas a coidalos sen poder desconectar nin sequera unha hora.

Xa temos 66 e 65 anos e está situación loxicamente está a afectar moi negativamente á nosa saúde, tanto física como mental. Dada a situación o meu estado de saúde agravouse, cada vez teño menos forza nos brazos e máis dores (levamos atendéndoos a tempo completo case dous anos).

Eu resido en Coruña e está situación provoca un grave estrés. Non poder sostelo e que se poida caer. Xa pasou varias veces e tiven que pedir axuda aos veciños para poder incorporalo.

O Concello de Ourense desde marzo 2023, envíanos unha persoa UNHA HORA, de luns a venres, excepto festivos, loxicamente non é suficiente para atender a dúas persoas que necesitan atención permanente.

En base ao exposto solicito que teñan en conta o outorgado conforme ás resolucións de recoñecemento de situación de dependencia o máis axiña posible...

Actualmente teño citas médicas para a realización de novas probas, e fisioterapia..."

2. Ante iso requirimos información a ese concello, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

"As persoas ás que se refire a queixa teñen expediente aberto nos servizos sociais do Concello de Ourense dende febreiro de 2022, momento no que solicitaron a prestación do servizo de axuda no fogar para o matrimonio.

En decembro de 2022 concedeuse, dadas as circunstancias, o servizo de axuda no fogar de una hora diaria de luns a venres, iniciándose o servizo o 1 de marzo de 2023.

O matrimonio solicitou a valoración de dependencia, no mes de maio de 2022, e foron valorados en xaneiro de 2023, co recoñecemento de Grado II, para ambos. En data 8 de marzo de 2023, son incluídos ambos no listado PAR, lista de agarda aprobada pola Consellería de Política Social para persoas con recoñecemento de dependencia e solicitantes do recurso de axuda no fogar, variando semanalmente a posición na lista.

Dende o momento en que constan na lista de agarda para o servizo de axuda no fogar a través de dependencia, e ata a actualidade, sempre houbo dependentes con posición preferente, debido a que teñen unha valoración de dependencia grado III, superior ó grado II, que é o grado que teñen ambos membros do matrimonio. En concreto, a data 13 de setembro de 2023, o matrimonio se atopa: XXX no número 77 e XXX 78, na lista de agarda antes mencionada, posicionados como primeiros dependentes da lista de agarda con grado II, pero con 74 persoas con grado III por diante, en espera de prestación do servizo e que teñen preferencia. O matrimonio non se atopa en ningunha das situacións nas que a dependencia se valora como preferente, por encima da orden de prelación, polo que todas as circunstancias que alegan, non se poden ter en conta, para dar preferencia no listado.

Ante esta situación, dende o Servizo de Benestar Social do Concello recomendóuselle á familia, ante a comunicación de empeoramento, que presentasen solicitude de revisión de grao ante a Consellería de Política Social, solicitándose en xuño de 2023, constando admitida a trámite e en espera de revisión de grao por parte da Xunta de Galicia; xa que se aumentan de grao, e dado a escaseza de recursos económicos que presentan, modificaríase en grande medida a súa posición na lista de agarda.

É canto cabe informar, quedando esta Alcaldía a disposición dese órgano estatutario para calquera información complementaria que precise”.

ANÁLISE

1. O 8-3-23 incluíuse as persoas afectadas na lista de agarda (PAR) para o SAF do Concello de Ourense. Dende entón atópanse nesa lista de agarda.
2. O concello sinala que figuran nos postos nº 77 e 78 da lista, polo que, salvo cambios que non se concretan, é posible que pase moito tempo ata que se poda iniciar o SAF de dependencia. Son os primeiros dependentes da lista de agarda con grao II, pero teñen moitas persoas con grao III por diante.
3. O servizo aprobado no PIA non se presta debido a que as horas do ente local non resultan suficientes para atender a todas as persoas na lista de agarda. Pero o ente local non reclamou máis horas, o que fai que as horas continúen sendo insuficientes para atender ós PIAs aprobados, como comprobamos.
4. O anterior pon de relevo que a situación de espera non só afecta ás persoas aludidas, senón tamén a outras moitas, entre elas moitas con grao III de dependencia (gran dependencia) e por tanto preferencia na atención (artigo 3.q) da Lei de Dependencia).
5. Iso sucede a pesar de que os servizos recoñecidos mediante os PIAs son dereitos subxectivos para as persoas en situación de dependencia, polo que debería dárselles efectividade.
6. A prestación do servizo corresponde ao ente local, pero a consellería é quen aproba as horas de servizo que permiten aumentar a dispoñibilidade para as persoas en agarda, sen prexuízo das xestións municipais para que o servizo teña efectividade, fundamentalmente a contratación do mesmo e a súa efectiva prestación.
7. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e



integración das persoas con discapacidade, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a tódolos cidadáns (art. 49).

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar ao Concello de Ourense a seguinte recomendación:

Que se adopten as medidas precisas para aumentar o servizo municipal de axuda no fogar ata cubrir todas as horas dos PIAs aprobados, entre elas as correspondentes ás persoas afectadas pola situación descrita na queixa.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo